



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 19 DE DECEMBRO DE 2014.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as once horas e trinta minutos do día dezanove de decembro de dous mil catorce, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D^a. M^a. Montserrat Magallanes Álvarez
- D^a. Teresa Vicente Baz
- D. Manuel Javier Crespo González
- D. Antonio Lomba Baz
- D. Miguel Ángel Español Otero

Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M^a Carrasco Glez.-Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTAS SESIÓN ANTERIORES.-

O Sr. Presidente pregúntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer ás actas correspondentes ás sesións celebradas os pasados días 24 de outubro e 14 e 27 de novembro de 2014, ó que responden negativamente os concelleiros presentes nas mesmas, polo que as referidas actas foron aprobadas, coa abstención dos concelleiros ausentes nela.

PUNTO 2.- ACORDOS

Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de NOVIEMBRE DE 2014 que ascenden á cantidade de 1.331,78 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 19 de decembro de 2014 relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar de D^a. S.M.P. a partir do 19/12/2014 por 45 horas mensuais.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar esta alta.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 4 de decembro de 2014 relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar de D^a. C.A.C.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar esta alta no SAF por lei de dependencia.

Lese o escrito RE 6587 de data 06 de novembro de 2014 presentado por D. R.G.A., con enderezo na rúa Proba 1A da Guarda, en representación de D^a. A.A.G. e solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa Largo nº 5.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder ao solicitado.

Lese o escrito RE 7544 de data 19 de decembro de 2014 presentado por D. A.L.M., con enderezo en Ctra. Circunvalación nº 34 da Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito en Ctra. Circunvalación nº 34.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda denegar a súa solicitude posto que os ingresos obtidos da declaración da renda da unidade familiar superan, en cómputo anual, o salario mínimo interprofesional.

Lese o escrito RE 6782 de data 13 de novembro de 2014 presentado por D^a. D.G.C., con enderezo en Cmno. Saa nº 26 da Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito en Cmno. Saa nº 26.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder ao solicitado.

Lese o escrito RE 7.541 de data 19 de decembro de 2014, presentado por D. ARTURO MORENO TRIGO, en representación de DNA. FLORINDA CORREA PEREZ, con enderezo na rúa Maceiras, nº 4 da Guarda, solicitando a anulación do recibo de consumo de auga do 3º trimestre de 2014 do obxecto tributario 2º Transversal José Antonio Lomba 0 por un erro na lectura do contador.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda anular o recibo nº 140073652 de consumo de auga do 3º trimestre de 2014 do obxecto tributario 2º Transv. José A. Lomba 0 e que se emita un novo pola media ponderada.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Lese o escrito RE 6.366 de data 29 de outubro de 2014, presentado por D. MANUEL GONZÁLEZ ÁLVAREZ, con enderezo na Carretera Pintán-Proba, nº 29 de A Guarda, solicitando a anulación dos recibos de consumo de auga municipal do 2º e 3º trimestres de 2014 correspondentes ó obxecto tributario Carretera Pintán-Proba, nº 29 debido a que se produxo unha avaría moi difícil de detectar.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda anular os recibos de consumo de auga do 2º e 3º trimestre de 2014 do obxecto tributario Ctra. Pintán-Proba, nº 29, e que se emitan uns novos pola media ponderada.

Lese o escrito RE 7.412 de data 11 de decembro de 2014, presentado por D^a. ANA MARIA INOCENTE, en representación de DNA. JOSEFINA GONZÁLEZ ALVAREZ, con enderezo na rúa Cruz, nº 37 da Guarda, solicitando a anulación do recibo de consumo de auga do 3º trimestre de 2014 do obxecto tributario Rúa Cruz, nº 37 por consumo excesivo derivado dunha avaría moi difícil de detectar.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda anular o recibo nº 140073829 de consumo de auga do 3º trimestre de 2014 do obxecto tributario Rúa Cruz, nº 37 e que se emita un novo pola media ponderada.

Dase conta das bases do Concurso de carteis "Fomenta a reciclaxe 2015" promovido polo Concello da Guarda.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar ditas bases.

Dase conta do informe do Asesor Xurídico do Concello relativo ó ditame emitido polo Consello Consultivo de Galicia no expediente de reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Domingo Cividanes Franco derivada dos danos causados como consecuencia da anulación pola Xurisdicción Contencioso-Administrativa da licenza de obras concedida o 20 de marzo de 2000.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido do ditame emitido polo Consello Consultivo de Galicia e acorda dar traslado do mesmo e do informe do Asesor Xurídico ó intrutor do procedemento para que continúe coa tramitación do procedemento.

Lese o escrito RE 7.491 de data 16 de decembro do 2014, presentado por D. SAMUEL POUSADA SOAJE, en representación da "Federación de Empresarios de Salas de Festa, Baile e Discotecas de Galicia", con domicilio social na Avda. de



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

García Barbón, 104-1º de Vigo, solicitando que dende o Concello se proceda a aprobar un Plan de Seguridade Municipal de Nadal para non permitir a celebración de actividades de carácter festivo que non dispoñan da correspondente autorización municipal e que se lles dea traslado das actuacións realizadas ao respecto.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Lese o escrito RE 2.713 de data 20 de maio de 2014, presentado por D. JUAN RODRIGUEZ GOMEZ, con enderezo na rúa Manuel Alvarez, nº 11-1º Esq. da Guarda, solicitando a revisión do contador de auga do obxecto tributario Manuel Alvarez, nº 11-1º Esq. e a consecuente anulación do recibo do 4º trimestre de 2013 por lectura errónea.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal segundo o cal o contador funciona correctamente, acorda desestimar a súa solicitude.

Lese o escrito RE 7.438 de data 12 de decembro de 2014, presentado por DNA. CARMEN GONZÁLEZ FONSECA, con enderezo na rúa Rotea, nº 36-C (Amorín) de Tomiño, solicitando que se procede ó arranxo da beirarrúa na rúa Rosal-Molino de Abajo-Bloque 2, xa que o mal estado da mesma provocou a súa caída.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que xa se están arranxando as plaquetas en diversas rúas e que en breve se procederá a arranxar a rúa sinalada .

Dase conta do escrito RE 7.414 de data 11 de decembro de 2014, presentado por D. Jose Manuel Lorenzo Ferreira, en calidade de Presidente da Comunidade de Montes veciñais en man común da Guarda, solicitando a realización dun proxecto conxunto co Concello da Guarda para o acondicionamento dunha zona do Parque do Cancelón co fin de mellorar a súa seguridade.

A Xunta de Goberno Local acorda manter conversas coa Comunidade de Montes sobre este asunto.

Dase conta do escrito RE 7.356 de data 5 de decembro de 2014 presentado por CEIP MANUEL RODRÍGUEZ SINDE, xuntando a solicitude para uso do pavillón escolar durante o curso escolar por parte do Club Sporting Guardés.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Dase conta da sentenza de data 1 de decembro de 2014 ditada polo Xulgado de Instancia e Instrucción nº 2 de Tui no procedemento ordinario nº 45/2014.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada e acorda apelar dita sentenza.

Dase conta do Auto de 20 de novembro de 2014 ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 Pontevedra no procedemento de execución definitiva 41/2013 derivado do Procedemento Ordinario 364/2010.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Dase conta do escrito RE 7.379 de data 9 de decembro de 2014, presentado por CEEPR SAN XEROME EMILIANI, para comunicar que, segundo a LOMCE, na próxima renovación do Consello Escolar do centro non é necesaria a presenza dun representante do Concello, polo que non se contará con el.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Lese o escrito RE 7.065 de data 26 de novembro de 2014, presentado por DNA. M^a MERCEDES GIRALDEZ LOMBA, actuando en representación de ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS SANTA TECLA, con enderezo a efectos de notificación no Apto. de Correos, nº 63 da Guarda, solicitando permiso para utilizar a cociña do albergue municipal os martes e xoves de cada semana durante os meses de febreiro, marzo e abril de 2015.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado sempre que non interfira na estancia dos peregrinos.

Lese o escrito RE 6.435 de data 31 de outubro de 2014, presentado por D. JOSÉ MANUEL RENDA ALVAREZ, con enderezo na rúa 3^a Transv. Cruz, nº 24 da Guarda, presentando recurso de reposición ó acordo da Xunta de Goberno Local de data 3 de outubro de 2014 e notificado o día 13 de outubro de 2014 (RS nº 3.114).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do Concelleiro Delegado de Servizos de data 2 de decembro de 2014, acorda desestimar este recurso de reposición baseándose en dito informe.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Lese o escrito RE 7.406 de data 10 de decembro de 2014, presentado por D. JUAN MARCOS GONZÁLEZ FERNANDEZ, con enderezo na rúa Facho-Baldráns, nº 1 de Tui, solicitando permiso para instalar unha exposición de carruaxes de voda os sábados no espazo que ocupa o mercadillo semanal da Guarda.

A Xunta de Goberno Local acorda denegar a súa solicitude porque o Regulamento municipal regulador da venda ambulante no Concello da Guarda non permite este tipo de actividade.

PUNTO 3.- DAR CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS MENORES.

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras menores:

EXPEDIENTE: 5.012/2014. D^a. TERESA GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 110,00 M². CONSISTENTE EN SUBSTITUIR A TELLA PLANA EXISTENTE POR CHAPAS DE FIBROCEMENTO E TELLA DO PAIS SUXEITA CON GANCHOS DE ACEIRO INOXIDABLE E PEGADA CON ESPUMA DE POLIURETANO, DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE A RODA Nº. 16, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 4.801/2014. D. FERNANDO BERNARDEZ VILLAR, PARA REPARAR A CUBERTA DA VIVENDA UNIFAMILIAR NUNHA SUPERFICIE DE 87,00 M². CONSISTENTE EN SUBSTITUIR A TELLA EXISTENTE POR PLANCHAS DE FIBROCEMENTO E TELLA CURVA DO PAIS DE COR VERMELLA, COLOCADA CON GANCHOS E ESPUMA DE FIXACIÓN E OS ALEIROS CON MORTERO, SITO NA RÚA DE A PORTELA Nº. 8, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 5.604/2014.- d^a. MARÍA DEL ROSARIO TEIXEIRA SILVA, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 80,00 M². CONSISTENTE EN CAMBIO DE TELLAS ROTAS, PUNTÓNS DETERIORADOS E REPASAR ALEIROS, DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE A CRUZ Nº. 22, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 5.608/2014. D^a. EVA RIVEIRO RIVEIRO, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 120,00 M². CONSISTENTE EN SUBSTITUIR A TELLA EXISTENTE E COLOCACIÓN DE CHAPAS DE FIBROCEMENTO E TELLA CURVA VERA E FIXADA CON ESPUMA E GANCHOS DE ACEIRO INOX. CON FORMACIÓN DE ALEIROS, DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE 2º TRV. DE SAN ROQUE-TRASLOAJO Nº. 28, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "A GÁNDARA" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

EXPEDIENTE: 6.390/2014. D^a. MARÍA MERCEDES OTERO RODRÍGUEZ, PARA MANTEMENTO E LIMPEZA DA CUBERTA, OS TRABALLOS A EXECUTAR SON LEVANTAR A TELLA, LIMPAR A MESMA E VOLVER A COLOCALA NUNHA SUPERFICIE DE 80,00 M²., DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE A PORTELA N^o. 31, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA N^o. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 6.233/2014. D. VALENTIN GONZÁLEZ GONZÁLEZ, PARA INSTALAR TARIMA FLOTANTE NUNHA SUPERFICIE DE 16,00 M² E PINTADO DE 2 HABITACIÓNS NUNHA SUEPRFICIE DE 30,00 M²., DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE BAIXO MURO N^o. 14, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N^o. 5 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 3.994/2014.- D. MANUEL LUIS GONZÁLEZ LIMA, PARA AISLAMENTO DE FACHADAS POLO EXTERIOR NUNHA SUPERFICIE DE 95,00 M². CO SISTEMA COTETHERM FORMADO POR PLANCHAS DE POLIESTIRENO EXPANDIDO DE 4 CMS. DE ESPESOR, CAPA DE MORTERO ARMADO CON MALLA E REVESTIMENTO ACRÍLICO, DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE ROSAL N^o. 38, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N^o. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 4.817/2014. D. PEDRO BORRAJO RIVÁS, PARA COLOCACIÓN NO GARAXE DE PAVIMENTO CERÁMICO ANTIDESLIZANTE NUNHA SUPERFICIE DE 46 M²., E RETIRADA DE PERNIGOS DE FIXACIÓN DA REDE DO PECHE EN COLUMNAS DE PEDRA E SUSTITUCIÓN POR OUTROS DE ACEIRO INOXIDABLE, SITO NA RÚA DE ROSENTES N^o. 22, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "ROSENTES" (ORDENANZA N^o. 9 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 6.392/2014. D. PEDRO BORRAJO RIVÁS, PARA RENOVAR A PARTE FRONTAL DO PECHE, SUBSTITUINDO A REDE EXISTENTE POR UN NOVO ELEMENTO A BASE DE MADEIRA TRATADA, SITO NA RÚA DE ROSENTES N^o. 22, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "ROSENTES" (ORDENANZA N^o. 9 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 6.043/2014. D^a. MANUELA BETINA BAZ MARTÍNEZ, PARA REPARACIÓN DA CUBERTA, SENDO OS TRABALLOS DE LIMPEZA DA TELLA ACTUAL CON REPOSICIÓN DAS TELLAS E PUNTÓNS EN MAL ESTADO AFECTANDO A UNHA SUPERFICIE DE 43,00 M²., DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE A CAL N^o. 28, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N^o. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 6.822/2014.- D^a. MANUELA BETINA BAZ MARTÍNEZ, PARA REFORMA DE SOLICITUDE DE COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES DE DATA 15-10-2014 (R.E. N^o. 6.043), QUE MOTIVADO O MAL ESTADO DOS BARROTILLOS DE MADEIRA SE ELIMINAN ESTES NA SÚA TOTALIDADE, SENDO SUBSTITUIDOS POR PLANCHAS DE FIBROCEMENTO APOIADAS NAS CORREAS DE FORMIGÓN PRETENSADO EXISTENTES COA REPOSICIÓN DE TELLAS NUNHA SUPERFICIE DE 43,00 M²., DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE A CAL N^o. 28, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N^o. 1 DO P.X.O.U.).



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

EXPEDIENTE: 6.370/2014. D^a. NOEMI LOZANO CERQUEIRA, PARA EXECUCIÓN DUN TABIQUE DE PLADUR PARA FACER UN ALMACÉN NUNHA SUPERFICIE DE 14,00 M²., SITO NA RÚA DE JOAQUIN ALONSO N^o. 1-BAIXO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N^o. 5 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 6.770/2014.- PONTEVICUS, S.L., PARA DIVISIÓN DE LOCAIS E CERRAMENTO EN FACHADA PRINCIPAL DO "SUPERMERCADO GADIS", SITO NA RÚA DE CONCEPCIÓN ARENAL N^o. 64, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N^o. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 6.946/2014.- D. JOSÉ ALBERTO ÁLVAREZ COBALLES, PARA PECHE FRONTAL DA FINCA NUNHA LONXITUDE DE 9,00 MTS. REALIZANDO ZAPATA DE CIMENTACIÓN E MURO DE BLOQUE REVESTIDO, SITO NA RÚA DE 8^o TRV. SOLANAS N^o. 15, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N^o. 4 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 6.465/2014. D.ARTURO MARTÍNEZ VILLA, PARA REPOR A LEGALIDADE VULNERADA Ó AMPLIAR UN CASETO SEN LICENCIA, PARA O CAL POR PARTE DA PROPIEDAD E DADO QUE NON CABE A LEGALIZACIÓN DA AMPLIACIÓN INICIADA, SE PROCEDERÁ A REBAIXAR E ELIMINAR AS AMPLIACIÓNS DA CANCEIRA DOMÉSTICA PARA REPOLA Ó ESTADO INICIAL, SITA NA RÚA DE OUTEIRO N^o. 9, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "O CASTRO" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA N^o. 9 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 4.799/2014. D. OLIVIO FERNÁNDEZ VICENTE, PARA COLOCACIÓN DE 2 PILARES DE FORMIGÓN PARA SUXEITAR PORTAL DE ENTRADA DE ACCESO RODADO, E APERTURA DE OCO EN MURO DE BLOQUE PARA ACCESO A LIMPEZA DE CAEIRO, SITO NA RÚA DE CORUTO VELLO N^o. 50, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE SALCIDOS (ORDENANZA N^o. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 6.202/2014. D^a. MARÍA ROSARIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, PARA REPARAR A CUBERTA DO CABANÓN NUNHA SUPERFICIE DE 50,00 M². CONSISTENTE EN RETIRAR A TELLA, COLOCAR URALITA E A MESMA TELLA EXISTENTE DO PAIS, SITO NA RÚA DE A CAL N^o. 97, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N^o. 4 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 5647/2014.- D^a. FLORINDA SOBRINO BARBOSA, PARA SANEAR A TERRAZA CONSISTENTE EN LEVANTAR O PAVIMENTO ACTUAL PARA POSTERIOR IMPERMEABILIZACIÓN, RECRECIDO E COLOCACIÓN DE PLAQUETA NUNHA SUPERFICIE DE 15,00 M²., DO EDIFICIO SITO NA RÚA DE GALICIA N^o. 33, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N^o. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 7.109/2014. D. MARCOS RODRÍGUEZ VICENTE, PARA OBRAS DE DECORACIÓN INTERIOR CONSISTENTE EN PINTADO DE PAREDES, APLACADO DE GRANITO EN PAREDES E BARRA MOSTRADOR E COLOCACIÓN DE PLAQUETA, SITO NA RÚA DE ORENSE N^o. 7-BAIXO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N^o. 1 DO P.X.O.U.).



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

PUNTO 4- DAR CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS DE ADAPTACIÓN DE LOCAIS PARA ACTIVIDADES.

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras adaptación de locais para actividades:

EXPEDIENTE: 4.391/2014.- D^a. CONSUELO FREIRIA PÉREZ, PARA ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA OUTROS SERVICIOS DE ALIMENTACIÓN-RESTAURACIÓN (E3pig. 677.9), SITO NA RÚA DE GALICIA N^o. 57-BAIXO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N^o. 1 DO P.X.O.U.) *"EDIFICACIÓN EN BLOQUE CERRADO"*.

PUNTO 5.- OBRAS MAIORES

EXPEDIENTE NÚMERO: 1.178/2014.

Examinado o proxecto técnico básico presentado con data 06-03-2014 (R.E. n^o. 1.178) e documentación anexa, por **D. JUAN MANUEL VICENTE VELASCO** con D.N.I. n^o. 35.559.722-C e **D. ANTONIO MARÍA VICENTE VELASCO** con D.N.I. n^o. 35.559.723-K e con domicilio na rúa de Oliva n^o. 14-1^o de A Guarda-C.P. 36780, para *"DEMOLICIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR"* desenvolvida en (planta semisoto e planta baixa) e construción de *"EDIFICIO PARA 2 VIVENDAS"* desenvolvido en (planta baixa, planta primeira, planta segunda e planta baixo cuberta) pola rúa de Malteses n^o. 125 e (planta baixa e planta primeira) pola rúa de Mazaracos [Paseo Marítimo], en Solo Urbano (Ordenanza n^o. 1 do P.X.O.U.) *"EDIFICACIÓN EN BLOQUE CERRADO"*, subscrito polo Arquitecto D. José Luis Vázquez Pérez.

PRIMEIRO.- Visto o informe técnico de data 01-10-2014, considérase **favorable**, conforme o sólido definido no proxecto básico con data de visado 07.01.14, 10.07.14, 23.09.14 e 26.09.14 e o proxecto de demolición presentado con data de visado 8.07.14 e 26.09.14.

Establécese un aval de Tres Mil Euros (3.000,00 €.) para garantir os niveis de urbanización esixidos e os danos que se puidesen ocasionar na vía pública durante a execución das obras.

Unha vez obtida a licenza municipal **non se poderá comezar as obras de edificación** en tanto non se achegue ó Concello:

- Oficio de dirección das obras
- Oficio de dirección da execución das obras.
- Oficio ou nomeamento de coordinador de seguridade e saúde nas obras
- Proxecto Técnico de Infraestruturas Comúns de Telecomunicacións (ICT)
- Proxecto de Execución visado conforme establece o RD. 1000/2010.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Antes do inicio das obras esta documentación deberá ser avaliada polos servizos técnicos municipais.

SEGUNDO.- Visto o informe xurídico de data 01-10-2014, quen indica que non se observa na solicitude en cuestión, dende o punto de vista xurídico-procedimental ningún inconvinte, polo cal informase **favorablemente**, polo que formulase ó órgano competente a seguinte proposta:

1º. Concede-la licenza municipal de obras para demolición de vivenda unifamiliar existente e construción no seu lugar dun edificio para dúas vivendas composto de planta baixa, primeira, segunda e baixo cuberta sito na rúa Malteses, rúa Mazaracos, a favor de D. Juan Manuel e D. Antonio Vicente Velasco, impondo expresamente no texto da mesma os condicionantes establecidos nos informes técnico e xurídico, principalmente, deberá **establecerse como condicionante da eficacia da licenza, que o interesado aporte un aval por importe de 3000 €.** a fin de garantir os niveis de urbanización exixidos e os danos que puidesen ocasionar na vía pública durante a execución das obras, así como deberán imponerse os condicionantes xerais establecidos na lexislación urbanística respecto os prazos de execución das obras , con expresión dos recursos procedentes a entablar contra dito acto administrativo, o cal debe notificarse os interesados, debendo advertirse ó titular da licenza que non poderá comenza-las obras ata que aporte o correspondnete proxecto de exeuccción visado polo colexio profesional competente e **se lle dea o visto bo pola Oficina Técnica municipal,** así como se acheguen os oficios de dirección de dirección da execución e de nomeamento de coordinador de seguridade e saúde e proxecto técnico de infraestruturas Comúns de Telecomunicacións.

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local en Sesión Extraordinaria celebrada o día 19 de decembro de 2014 **RESOLVE:**

CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **D. JUAN MANUEL VICENTE VELASCO e D. ANTONIO MARÍA VICENTE VELASCO**, licenza para “DEMOLICIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR” desenvolvida en (planta semisoto e planta baixa) e construción de “EDIFICIO PARA 2 VIVENDAS” desenvolvida en (planta baixa, planta primeira, planta segunda e planta baixo cuberta) pola rúa de Malteses nº. 125 e (planta baixa e planta primeira) pola rúa de Mazaracos [Paseo Marítimo], de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas no informe técnico e xurídico.

O prazo para iniciar as obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende o día seguinte a data de notificación da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Se poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momeno de concesión da prórroga (art. 197.1 da LOUGA).



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Será declarada a caducidade das licenzas, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da LOUGA):

- Cando non se tivesen iniciado as obras amparadas por esta licenza no prazo de seis (6) meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.
- Cando non se cumprise o prazo de terminación das obras de tres (3) anos dende o seu inicio.
- Cando a obra fose interrompida durante un período superior a seis (6) meses.
- Estes prazos poderán prorrogarse segundo o establecido no art. 197 da LOUGA.

TERCEIRO.- ADVERTENCIAS:

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vías públicas) e 2.5.14 (valado das obras) recollidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de 1,20 x 0,85 mts. no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destinala construción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

EXPEDIENTE NÚMERO: 5.584/2014.

Examinado o proxecto técnico básico presentado con data 25-09-2014 (R.E. nº. 5.584) e o proxecto de execución presentado con data 21-10-2014 (R.E. nº. 6.194), por **D. PABLO MARQUEZ SALINAS** con D.N.I. nº. 76.900.627-N e **D^a. ANDREA ÁLVAREZ GONZÁLEZ** con D.N.I. nº. 76.897.851-L e con domicilio na rúa de Julio Sesto nº. 9 (Portal 1-3º I) de O Rosal-C.P. 36770, para construción de "VIVENDA UNIFAMILIAR" desenvolvida en (planta baixa e planta de baixo cuberta) sita na rúa de 1º Transversal de A Cruz-Figueiras nº. 6, en Solo Urbano de Núcleo Rural de "Salcidos" (Ordenanza nº. 7 do P.X.O.U.), subscrito polo Arquitecto D. Ignacio Martínez Rodríguez.

PRIMEIRO.- Vistos os informes técnicos de data 07-10-2014 e 28-10-2014, considérase **favorable** ó outorgamento da licenza.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

SEGUNDO.- Visto o informe xurídico de data 08-10-2014, quen indica que non se observa na solicitude en cuestión, dende o punto de vista xurídico-procedimental ningún inconvinte, polo cal informase **favorablemente**.

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local en Sesión Extraordinaria celebrada o día 19 de decembro de 2014 **RESOLVE**:

CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **D. PABLO MARQUEZ SALINAS e D^a. ANDREA ÁLVAREZ GONZÁLEZ**, licenza para construción de "VIVENDA UNIFAMILIAR" sita na rúa de 1º Transversal de A Cruz-Figueiras nº. 6, de acordo cos proxectos técnicos presentados obrantes no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas no informe técnico e xurídico.

O prazo para iniciar as obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende o día seguinte a data de notificación da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Se poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga (art. 197.1 da LOUGA).

Será declarada a caducidade das licenzas, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da LOUGA):

- Cando non se tivesen iniciado as obras amparadas por esta licenza no prazo de seis (6) meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.
- Cando non se cumprise o prazo de terminación das obras de tres (3) anos dende o seu inicio.
- Cando a obra fose interrompida durante un periodo superior a seis (6) meses.
- Estes prazos poderán prorrogarse segundo o establecido no art. 197 da LOUGA.

TERCEIRO.- ADVERTENCIAS:

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vías públicas) e 2.5.14 (valado das obras) recollidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de 1,20 x 0,85 mts. no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destina-la



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

construcción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

EXPEDIENTE NÚMERO: 6.242/2014.

Examinado o proxecto técnico presentado con data 23-10-2014 (R.E. nº. 6.242), por **D. MANUEL FOUCE DIAZ** con D.N.I. nº. 33.808.591-V representado por **D. VALENTIN LLAMERA ESCUDERO** con D.N.I. nº. 34.887.160-R e con domicilio na rúa de Largo nº. 13 de A Guarda-C.P. 36780, para licenza de "AMPLIACIÓN DE EDIFICACIÓN AUXILIAR VINCULADA A VIVENDA UNIFAMILIAR" sita na rúa de 6º Transversal Solanas, s/n., en Solo Urbano (Ordenanza nº. 4 do P.X.O.U.), subscrito polos Arquitectos D. Gregorio L. Agís Gómez, D. Leandro Nogueira Pérez e Angel M. Matilla Besada.

PRIMEIRO.- Visto o informe técnico de data 13-11-2014, considérase **favorable a concesión de licenza municipal de obras.**

- Os efectos do artigo 4º das Normas do Hábitat Galego, o cumprimento desta norma do proxecto autorizado deberá figurar na licenza de obras que se outorgase.
- Considérase que o aval existente permite garantir a execución das obras de urbanización cun importe de 15.600,00 €. (Quince Mil Seiscentos Euros).

SEGUNDO.- Visto o informe xurídico de data 26-11-2014, quen indica que non se observa na solicitude en cuestión, dende o punto de vista xurídico-procedimental ningún inconvinte, polo cal informase **favorablemente**, impondo expresamente no texto da mesma os condicionantes establecidos nos informes técnicos e xurídico, así como deberán imponerse os condicionantes xerais establecidos na lexislación urbanística respecto os prazos de execución das obras, con expresión dos recursos procedentes a entablar contra dito acto administrativo, o cal debe notificarse os interesados, ademais no texto da licenza, en cumprimento do disposto no artigo 4.2 do Decreto 262/07, do Hábitat, deberá recollese expresamente que o proxecto que serviu de base para o seu outorgamento cumpre a normativa do Hábitat Galego.

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local en Sesión Extraordinaria celebrada o día 19 de decembro de 2014 **RESOLVE:**

CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **D. MANUEL FOUCE DIAZ**, licenza para "AMPLIACIÓN DE EDIFICACIÓN AUXILIAR VINCULADA A VIVENDA UNIFAMILIAR" sita na rúa de 6º Transversal solanas, s/n., de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas no informe técnico e xurídico.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O prazo para iniciar as obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende o día seguinte a data de notificación da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Se poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momeno de concesión da prórroga (art. 197.1 da LOUGA).

Será declarada a caducidade das licenzas, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da LOUGA):

- Cando non se tivesen iniciado as obras amparadas por esta licenza no prazo de seis (6) meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.
- Cando non se cumprise o prazo de terminación das obras de tres (3) anos dende o seu inicio.
- Cando a obra fose interrompida durante un periodo superior a seis (6) meses.
- Estes prazos poderán prorrogarse segundo o establecido no art. 197 da LOUGA.

TERCEIRO.- ADVERTENCIAS:

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vías públicas) e 2.5.14 (valado das obras) recollidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de 1,20 x 0,85 mts. no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destina-la construción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

PUNTO 6.- COMUNICACIÓN PREVIA LICENCIAS DE APERTURA

Exp. Nº 6.238/2014 de data 23.10.2014.-

Vista a comunicación previa feita por BANCO DE SABADELL, S.A., con enderezo na rúa Concepción Arenal, nº 75 da Guarda, para inicio de actividade de OFICINA BANCARIA (Epíg. 811) no local sito na rúa Concepción Arenal, nº 75-baixo da Guarda, e visto o informe favorable de data 23 de outubro de 2014 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a BANCO DE SABADELL, S.A. licencia municipal nº 33/2014 para a apertura dun local dedicado á actividade de OFICINA BANCARIA (Epíg. 811) situado na rúa de Concepción Arenal, nº 75-baixo.

Exp. Nº 7.045/2014 de data 25.11.2014.-

Vista a comunicación previa feita por NOEMI LOZANO CERQUEIRA, con enderezo na rúa Proba, nº 22 da Guarda, para inicio de actividade de COMERCIO MENOR PRENDAS DE VESTIR E TOCADO (Epíg. 651.2) no local sito na rúa Joaquin Alonso, nº 2-baixo da Guarda, e visto o informe favorable de data 2 de decembro de 2014 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a DNA. NOEMI LOZANO CERQUEIRA licencia municipal nº 34/2014 para a apertura dun local dedicado á actividade de COMERCIO MENOR PRENDAS DE VESTIR E TOCADO (Epíg. 651.2) no local sito na rúa Joaquin Alonso, nº 2-baixo da Guarda.

Exp. Nº 6.182/2014 de data 21.10.2014.-

Vista a comunicación previa feita por D^a, CONSUELO FREIRÍA PEREZ, con enderezo no Barrio de Mosteiro, nº 26 de Tomiño, para inicio de actividade de OUTROS SERVICIOS DE ALIMENTACIÓN - RESTAURACIÓN (Epíg. 677.9) no local sito na rúa Galicia, nº 57-baixo da Guarda, e visto o informe favorable de data 5 de decembro de 2014 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a D^a. CONSUELO FRERÍA PEREZ licencia municipal nº 35/2014 para a apertura dun local dedicado á actividade de OUTROS SERVICIOS DE ALIMENTACIÓN - RESTAURACIÓN (Epíg. 677.9) no local sito na rúa Galicia, nº 57-baixo-baixo da Guarda



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Exp. Nº 4.655 de data 11.08.2014.-

Vista a comunicación previa feita por LIBECOM DE COMUNICACIÓN, S.L., con enderezo na rúa Vicente Sobrino, nº 18-baixo da Guarda, para inicio de actividade de ARTES GRÁFICAS (IMPRESIÓN GRÁFICA) (Epíg. 474) no local sito na rúa Vicente Sobrino, nº 18-baixo da Guarda, e visto o informe favorable de data 23 de outubro de 2014 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a LIBECOM DE COMUNICACIÓN, S.L. licencia municipal nº 36/2014 para a apertura dun local dedicado á actividade de ARTES GRÁFICAS (IMPRESIÓN GRÁFICA) (Epíg. 474) no local sito na rúa Vicente Sobrino, nº 18-baixo da Guarda

PUNTO 7.- CAMBIO TITULARIDADE DE LICENCIA DE APERTURA

Exp. Nº 6.428/2014 de data 31.10.2014.-

Vista a comunicación previa feita por DNA. SANDRA BAZ CERQUEIRA, con enderezo na rúa Cumieira de Arriba, nº 27 da Guarda, para cambio de titularidade da actividade de CAFÉ-BAR (Epíg. 673.2) no local sito na rúa de República Dominicana, nº 48-baixo que antes figuraba a nome de MARCOS RODRIGUEZ PORTELA, e visto o informe favorable de data 18 de novembro de 2014 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:.

Conceder a DNA. SANDRA BAZ CERQUEIRA cambio de titularidade na licencia municipal que antes figuraba a nome de MARCOS RODRIGUEZ PORTELA para o local dedicado a actividade de CAFÉ - BAR (Epíg. 673.2) sito na rúa de República Dominicana, nº 48-baixo de A Guarda.

PUNTO 8.- PROXECTO DE SEGREGACIÓN DE PARCELAS SITAS NA RÚA DE OLIVA Nº. 52-54, A INSTANCIA DE D^a. MARÍA ASUNCIÓN ALONSO MARTÍNEZ.

Pásase a dar conta da solicitude con rexistro de entrada co núm. 7.074 de data 27 de novembro de 2014, a instancia de **D^a. MARÍA ASUNCIÓN ALONSO MARTÍNEZ** e con domicilio na rúa de Oliva nº. 52 de A Guarda-C.P. 36780, quen presenta proxecto técnico redactado pola arquitecta D^a. Susana Castro Rey para "**SEGREGACIÓN DE PARCELAS**", sitas na rúa de Oliva nº. 52-54.

INFORMES:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

INFORME TÉCNICO 27-11-2014:

D. Antonio Hernández Crespo como arquitecto municipal do Concello de A Guarda e en relación a petición de licencia para "**SEGREGACIÓN DE PARCELAS**", sitas na rúa de Oliva nº. 52-54, teño a ben emitilo seguinte INFORME:

1.- DOCUMENTOS:

- 1.1.- Proxecto técnico de segregación de parcelas a nome de D^a. Asunción Alonso Martínez, redactado pola arquitecta D^a. Susna Castro Rey.
- 1.2.- Documentación de titularidade da parcela matriz, cunha superficie de 235 m². (242,99 m². segundo o proxecto técnico).
- 1.3.- Aliñación e rasante da parcela emitida polos servizos técnicos municipais con data 13.11.14.
- 1.4.- Con data 05.12.14 achégase plano 08b indicando a aliñación de fondo das parcelas.

2.- INFORME TÉCNICO:

- 2.1.- O Concello de A Guarda ten P.X.O.U. con aprobación definitiva do 29.07.93 e M.P. do 27.12.96.
- 2.2.- A parcela orixinal está clasificada como solo urbano e cualificada coa ordenanza nº. 1 de edificación en bloque pechado.
- 2.3.- Para os efectos do artigo 12 da lei 9/2002 se condiderá a parcela como solo urbano consolidado.
- 2.4.- A parcela matriz figura no catastro como dúas parcelas independentes con cada unha coa súa propia edificación. As referencias catastrais son as seguintes:
 - 0391207NG1309S0001MR.
 - 0391206NG1309S0001FR.
- 2.5.- A parcela matriz ten unha superficie de 242,99 m². segundo o proxecto técnico presentado.
- 2.6.- Sobre a parcela existen dúas edificacións que corresponden cos nº. 52 e 54 da rúa Oliva. Cada unha das edificacións ten referencia catastral independente. As parcelas definidas no catastro non se axustan a proposta de parcelación xa que esta divide o patio traseiro en dúas partes, mentres que este patio está incorporado a parcela correspondente o nº. 54 na súa ficha catastral.
- 2.7.- As parcelas resultado da segregación serán as seguintes:

		Sup. total	Ordenanza nº. 1
Finca orixinal	R. Oliva 52-54	242,99 m².	242,99 m ² .
Parcelas de resultado			
Parcela MATRIZ	Rúa Oliva nº. 52	136,19 m².	136,19 m ² .
Parcela SEGREGADA	Rúa Oliva nº. 54	106,80 m².	106,80 m ² .



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

PARCELA matriz (nº. 52).

ORDENANZA	P.X.O.U.	PROXECTO	OBSERV.
PARCELA MÍNIMA	100,00 m ² .	136,19 m ² .	CUMPRE
FRONTE MÍNIMO DE PARCELA	6,00 m.	7,25 m.	CUMPRE

PARCELA segregada (nº. 54).

ORDENANZA	P.X.O.U.	PROXECTO	OBSERV.
PARCELA MÍNIMA	100,00 m ² .	106,80 m ² .	CUMPRE
FRONTE MÍNIMO DE PARCELA	6,00 m.	13,18 m.	CUMPRE

2.8.- Ámbalas dúas parcelas de resultado cumpren as condicións definidas na ordenanza nº. 1 de aplicación.

2.9.- A parcela orixinal, por mor da súa forma e dimensións, non ten obriga de reserva de garaxe segundo as condicións previstas no plan xeral. A segregación proposta non afecta polo tanto a está condición.

2.10.- A segregación proposta cumpre coas indicacións sinaladas no apartado 2.3.7 das normas urbanísticas do PXOU e cos artigos 204 e 205 da lei 9/2002.

3.- CONCLUSIÓN:

3.1.- Por todo o expresado anteriormente o informe técnico emitido considerase **favorable á segregación proposta.**

3.2.- A autorización de segregación non implica en ningún caso autorización de edificación u obra de ningún tipo.

3.3.- Sen prexuízo do citado anteriormente a Comisión de Urbanismo co seu criterio superior decidirá.

INFORME XURÍDICO 10-12-2014:

Conta co informe xurídico subscrito polo asesor xurídico D. Carlos Potel Alvarelos, quen indica que non se observa na solicitude obxecto do presente informe ningún inconvinte para a súa concesión dende o punto de vista xurídico-procedimental, polo cal infórmase **favorablemente** a licencia, polo que formulase ó órgano competente a seguinte PROPOSTA:

1º.- Concede-la licenica municipal de parcelación a favor de D^a. María Asunción Alonso Martínez, debendo indicarse que en ningún caso autoriza dita licencia a edificar, así como que deberá axustarse o Catastro a nova realidade física e rexistral resultante da licencia de parcelación.

INFORME COMISIÓN DE URBANISMO: 16.12.2014.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

Conta con informe **favorable**.

A Xunta de Goberno Local, vista a documentación aportada polo solicitante, así como os informes realizados polo Arquitecto Municipal e do asesor xurídico, acorda acceder á segregación de ditas parcelas nos termos sinalados.

Sendo as trece horas e corenta minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretaria dou fe.